

A partir do próximo mes de xaneiro do ano 2006, as substitucións dos funcionarios do corpo de mestres cubriranse por unha aplicación informática.

Os Centros deberán solicitar a substitución a través da aplicación informática. A tal fin, a través de INTERNET, entrarán na seguinte dirección: www.edu.xunta.es/substitutos. Como usuarios e contrasinal utilizaranse os da **dirección de correo electrónico do centro**.

Para solicitar a substitución deberá teclearse o DNI do/a mestre/a que se encontra en licenza por enfermidade, indicando a previsible duración da substitución. Non deberán solicitarse aquelas substitucións que teñan unha duración inferior a 10 días, agás nos casos das escolas unitarias ou en supostos excepcionais que xustifiquen a súa cobertura a pesar da reducida duración da licenza.

Os institutos de educación secundaria e os centros públicos integrados deberán solicitar a cobertura da substitución dos funcionarios do corpo de mestres tamén por esta aplicación informática.

Os centros que non dispoñan de INTERNET deberán efectuar a solicitude por FAX, ao número 981-545484 ou 981-545420, utilizando o modelo que se achega como anexo, ou excepcionalmente, por teléfono, aos números 981-544488 ou 981-544482.

Os centros deberán comunicar tamén por Fax ou ós teléfonos mencionados a incorporación do titular da praza que se encontraba en licenza coa finalidade de incorporar ao mestre ou mestra substituto/a á maior brevidade posible ao lugar da lista que lle corresponde.

Polo demais, os partes de baixa e alta do mestre ou mestra deberán continuar remitíndose á Delegación Provincial correspondente.

A aplicación informática funcionará do seguinte xeito:

Cando o centro efectúe a solicitude dunha substitución a través da aplicación, aparecerá automaticamente nos ordenadores da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e poderá observarse desde calquera lugar, a través do Portal Educativo da Consellería, as prazas de substitucións pendentes de cubrir. Isto permitirá axilizar aínda máis a cobertura das substitucións. Cando a Consellería de Educación, a través do Servizo de Profesorado de Educación Infantil e Primaria, realice a cobertura da substitución, remitirase un correo electrónico ao Centro e á Delegación Provincial, comunicando o nome e teléfono de contacto da persoa nomeada.

A aplicación informática non permitirá solicitar unha substitución cunha antelación superior a tres días, é dicir, como máximo poderá pedirse tres días antes do seu inicio.

Como para efectuar as substitucións é preciso que a relación de persoal do centro estea correcta na nosa aplicación de profesorado, prégase que se revise esta relación a través da aplicación de persoal www.edu.xunta.es/persoalcentros que xa veñen utilizando os centros de educación infantil e primaria. De considerar que hai algún dato incorrecto deberá comunicarse á Consellería, por correo electrónico ou fax.

Agradecéndolle a súa colaboración, aproveito esta ocasión para saúdalo/a atte.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2005

O SUBDIRECTOR XERAL DE PERSOAL

Asdo: José Luis Canosa Baldomir

SR/A DIRECTOR/A DO CEP, CEIP, EEI, CEE, CEPA, CPI, IES.